

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15937 *Lei 37/2011, do 10 de outubro, de medidas de axilización procesual.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A Constitución recoñece o dereito de todas as persoas a obter a tutela efectiva dos tribunais dentro dun proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías. A nosa Constitución considera a xustiza como poder e como servizo destinado a prestar tutela aos cidadáns, unha prestación que debe ser efectiva. Este mandato de efectividade sitúase na órbita dos postulados da cláusula do Estado social e, en particular, do mandato do artigo 9.2 da Constitución, que impón aos poderes públicos, e nomeadamente ao Goberno, a obriga de disporen os medios necesarios, tanto normativos como materiais e persoais, para que o dereito á tutela xudicial se garanta a todos os cidadáns de maneira tanxible e certa.

Distintos instrumentos teñen incidido sobre a conveniencia de dotar a nosa xustiza de medios modernos e eficientes. Así, a Carta de Dereitos dos Cidadáns ante a Xustiza, aprobada polo Pleno do Congreso dos Deputados, na súa sesión do día 22 de abril de 2002, como proposición non de lei, pon de manifesto o dereito dos cidadáns a unha tramitación áxil dos asuntos que os afecten.

II

Os datos estatísticos máis recentes sobre entrada de asuntos nos nosos tribunais acreditan que nos últimos tempos se produciu unha subida exponencial da litixiosidade. Así, o número de asuntos ingresados en todas as xurisdicións durante o ano 2009 tivo un crecemento próximo ao 33 % con relación ao número de asuntos ingresados dez anos antes. Nalgunhas ordes xurisdicionais o volume de entrada foi especialmente intenso, como na civil, que dobrou a entrada de asuntos nesa mesma década.

O sobrevido aumento da litixiosidade é indicativo da confianza cada vez maior que os cidadáns depositan na nosa Administración de xustiza como medio para resolver os seus conflitos e pretensións pero, ao mesmo tempo, puxo de manifesto a necesidade de introducir profundas reformas para asegurar a sustentabilidade do sistema e garantir que os cidadáns poidan dispor dun servizo público de calidade. Este foi tamén o obxectivo último que determinou a promulgación da Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro, complementaria da Lei 13/2009, da mesma data, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial.

A lei que agora se presenta continúa a liña de reformas procesuais iniciada coas reformas que se acaban de mencionar, tratando agora de introducir na lexislación procesual melloras que permitan axilizar os distintos procedementos, sen mingua das garantías para o xustizable.

III

O obxecto da lei é incorporar determinadas medidas de axilización procesual nas ordes civil, penal e contencioso-administrativa, que obedecen ao propósito común de subministrar aos nosos tribunais instrumentos procesuais óptimos para a xestión procesual. Tales medidas son de distinto signo. Unhas están encamiñadas a garantir dereitos fundamentais dos cidadáns, como ocorre no caso da orde penal; outras, a optimizar os procedementos, a suprimir trámites procesuais innecesarios ou a substituílos por outros máis breves; e outras, en cambio, están orientadas a limitar o uso abusivo de instancias xudiciais.

Na orde penal introdúcense certas modificacións inescusables, exixidas pola nova situación derivada da reforma operada no Código penal pola Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, e relativas ás implicacións procesuais do réxime de responsabilidade penal das persoas xurídicas. En particular, regúlanse cuestións relativas ao réxime da competencia dos tribunais, dereito de defensa das persoas xurídicas, intervención no xuízo oral e conformidade, así como a súa rebeldía.

Na orde contencioso-administrativa modifícanse determinados preceptos relativos á proba para reducir trámites e dotar de maior axilidade esta fase do proceso. Por outra parte, introdúcese no procedemento abreviado a posibilidade de evitar a celebración de vista naqueles recursos en que non se vai pedir o recibimento a proba e a Administración demandada non solicita a celebración desta. Desta forma evítase que aqueles recursos que quedarían conclusos no acto da vista despois da contestación á demanda teñan que esperar nalgúns casos máis de dous anos ata que se celebre esta, para os únicos efectos de que a Administración demandada conteste.

Elévese a 30.000 euros a contía dos asuntos que se resolverán polos trámites do procedemento abreviado.

Introdúcense modificacións importantes en materia de recursos, en canto á elevación do límite cuantitativo para acceder ao recurso de apelación e ao recurso de casación.

Modifícase a regulación das denominadas medidas cautelarísimas, recollendo as verdadeiras posibilidades que na actualidade están a levar a cabo os órganos xudiciais: apreciar a especial urxencia e citar para a comparecencia, apreciar a especial urxencia e denegar a medida cautelar inaudita parte ou ben non apreciar a urxencia e decidir tramitar conforme as regras xerais, engadindo a posibilidade de alegacións por escrito na vez de comparecencia. Por outra parte, prevese con carácter expreso a necesaria intervención do Ministerio Fiscal en determinados supostos que afecten menores de idade.

En relación coas custas procesuais, establécese para os procesos de única ou primeira instancia o criterio do vencemento pero coa posibilidade de que o tribunal poida exonerar destas cando concorran circunstancias que xustifiquen a súa non imposición, e regúlanse, así mesmo, os supostos de estimación ou desestimación parcial.

Na orde civil inclúese expresamente dentro do concepto de custas do proceso o importe da taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional, ao se tratar dun gasto necesario para demandar.

Esténdese o sistema do xuízo monitorio aos xuízos de desafuzamento por falta de pagamento, de modo que, no caso de que o arrendatario non desaloxe o inmovible, pague ou formule oposición tras o requirimento, se pase directamente ao lanzamento, cuxa data se lle comunica no mesmo requirimento, única comunicación procesual necesaria para a boa fin do proceso, mesmo cando o demandado trate de dilatar a execución, co cal se evita, así mesmo, a celebración de vistas innecesarias.

Exclúese o recurso de apelación nos xuízos verbais por razón da contía, cando esta non supere os 3.000 euros, tratando con isto de limitar o uso, ás veces abusivo e moitas veces innecesario, de instancias xudiciais.

No ámbito dos recursos, suprímese o trámite de preparación dos recursos devolutivos e, en canto á casación, procédese a unha modificación en canto ás resolucións susceptibles de recurso pola contía para que o Tribunal Supremo poida cumprir de forma máis eficaz os fins legalmente establecidos.

En canto á execución de sentenzas, acláranse aspectos relativos á relación entre a execución especial hipotecaria e a ordinaria, precisando a forma en que a execución especial, dirixida contra determinados bens, pasa a se converter en xeral, dirixida contra todo o patrimonio dos responsables.

Redúcense trámites na substanciación das terzarías de dominio e de mellor dereito, que agora serán resoltas polos trámites do xuízo verbal, ben que esta última con contestación escrita, dada a peculiaridade do seu obxecto. A remisión ao xuízo declarativo ordinario resulta desproporcionada e a nova remisión ao xuízo verbal evitará dilacións indebidas na execución.

Canto aos procesos especiais para a tutela do crédito, acóllese expresamente ao arrendamento de bens mobles, no proceso verbal xa previsto para o contrato de arrendamento financeiro e de venda a prazos de bens mobles, atendendo con isto a unha reclamación do sector económico correspondente, cuxo crecemento nos últimos anos non se viu acompañado da correspondente modernización lexislativa, que agora proporcionará unha importante redución de custos e tempo, en canto á reclamación das súas débedas e, especialmente, en canto á recuperación dos bens entregados en arrendamento. Isto implica ademais a modificación da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, para equiparar a condición destes contratos, hoxe atípicos, aos que xa regula este corpo legal.

Aclárase a regulación das medidas cautelares no caso de sentenzas absolutorias obxecto de recurso.

Introdúcese a preferencia nos procesos sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores, nos casos en que algún dos interesados sexa menor, incapacitado ou estea en situación de ausencia legal.

Tamén se suprime o límite cuantitativo do procedemento monitorio, equiparándoo deste modo ao proceso monitorio europeo, co fin de evitar limitacións de acceso a este procedemento, que se converteu con moito na forma máis frecuente de iniciar as reclamacións xudiciais de cantidade.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei de axuizamento criminal.*

Modifícase a Lei de axuizamento criminal, do 14 de setembro de 1882, nos seguintes termos:

Un. Introdúcese un novo artigo 14 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 14 bis.

Cando, de acordo co disposto no artigo anterior, o coñecemento e resolución dunha causa por delito dependa da gravidade da pena sinalada a este pola lei atenderase, en todo caso, á pena legalmente prevista para a persoa física, aínda que o procedemento se dirixa exclusivamente contra unha persoa xurídica.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 119, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 119.

1. Cando, de acordo co disposto no artigo 118 desta lei, deba procederse á imputación dunha persoa xurídica, practícase con esta a comparecencia prevista no artigo 775, coas seguintes particularidades:

a) A citación farase no domicilio social da persoa xurídica, requirindo a entidade para que proceda á designación dun representante, así como de avogado e procurador, para ese procedemento, coa advertencia de que, no caso de non o facer, se procederá á designación de oficio destes dous últimos. A falta de designación do representante non impedirá a substanciación do procedemento co avogado e procurador designados.

b) A comparecencia practicarase co representante especialmente designado da persoa xurídica imputada, acompañado do avogado desta. A inasistencia ao acto do dito representante determinará a práctica daquel co avogado da entidade.

c) O xuíz informará o representante da persoa xurídica imputada ou, de ser o caso, o avogado, dos feitos que se lle imputan a esta. Esta información facilitarase por escrito ou mediante entrega dunha copia da denuncia ou querela presentada.

d) A designación do procurador substituirá a indicación do domicilio para efectos de notificacións. Practicaranse co procurador designado todos os actos de comunicación posteriores, incluídos aqueles aos que esta lei lles asigna carácter persoal. Se o procurador foi nomeado de oficio comunicáraselle a súa identidade á persoa xurídica imputada.»

Tres. Introdúcese un novo artigo 120, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 120.

1. As disposicións desta lei que requiren ou autorizan a presenza do imputado na práctica de dilixencias de investigación ou de proba anticipada entenderanse sempre referidas ao representante especialmente designado pola entidade, que poderá asistir acompañado do letrado encargado da defensa desta.

2. A incomparecencia da persoa especialmente designada non impedirá a celebración do acto de investigación ou de proba anticipada, que se substanciará co avogado defensor.»

Catro. Engádesse un novo artigo 409 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 409 bis.

Cando se procedese á imputación dunha persoa xurídica, tomaráselle declaración ao representante especialmente designado por ela, asistido do seu avogado. A declaración irá dirixida á pescuda dos feitos e á participación neles da entidade imputada e das demais persoas que tamén puideren ter intervido na súa realización. Á dita declaración seralle de aplicación o disposto nos preceptos deste capítulo no que non sexa incompatible coa súa especial natureza, incluídos os dereitos a gardar silencio, a non declarar contra si mesma e a non se confesar culpable.

Non obstante, a incomparecencia da persoa especialmente designada pola persoa xurídica para a súa representación determinará que se teña por celebrado este acto, e entenderase que se acolle ao seu dereito a non declarar.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 544 quáter, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 544 quáter.

1. Cando se procedese á imputación dunha persoa xurídica, as medidas cautelares que se lle poderán impor son as expresamente previstas na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

2. A medida acordarase por petición previa de parte e logo de celebración de vista, á cal serán citadas todas as partes constituídas como tales. Contra o auto que decida sobre a medida cautelar poderase recorrer en apelación, cuxa tramitación terá carácter preferente.»

Seis. Engádesse un novo punto 4.º ao artigo 554, que queda redactado nos seguintes termos:

«4.º Tratándose de persoas xurídicas imputadas, o espazo físico que constituía o centro de dirección destas, xa se trate do seu domicilio social ou dun establecemento dependente, ou aqueloutros lugares en que se custodien

documentos ou outros soportes da súa vida diaria que quedan reservados ao coñecemento de terceiros.»

Sete. Engádesse un novo parágrafo final ao artigo 746, que queda redactado nos seguintes termos:

«Cando o procesado sexa unha persoa xurídica, aplicarase o disposto no artigo 786 bis desta lei.»

Oito. Introdúcese un novo artigo 786 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 786 bis.

1. Cando o acusado sexa unha persoa xurídica, esta poderá estar representada, para un mellor exercicio do dereito de defensa, por unha persoa que especialmente designe, que deberá ocupar na sala o lugar reservado aos acusados. A dita persoa poderá declarar en nome da persoa xurídica se se propuxo e se admitiu esa proba, sen prexuízo do dereito a gardar silencio, a non declarar contra si mesma e a non se confesar culpable, así como a exercer o dereito á última palabra ao finalizar o acto do xuízo.

Non se poderá designar para estes efectos a quen teña que declarar no xuízo como testemuña.

2. Non obstante o anterior, a incomparecencia da persoa especialmente designada pola persoa xurídica para a súa representación non impedirá en ningún caso a celebración da vista, que se levará a cabo coa presenza do avogado e o procurador desta.»

Nove. Introdúcese un novo punto 8 no artigo 787, que queda redactado nos seguintes termos:

«8. Cando o acusado sexa unha persoa xurídica, a conformidade deberá prestala o seu representante especialmente designado, sempre que conte con poder especial. A dita conformidade, que se suxeitará aos requisitos enunciados nos puntos anteriores, poderase realizar con independencia da posición que adopten os demais acusados e o seu contido non vinculará no xuízo que se celebre en relación con estes.»

Dez. Introdúcese un novo artigo 839 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 839 bis.

1. A persoa xurídica imputada unicamente será chamada mediante requisitoria cando non fose posible a súa citación para o acto de primeira comparecencia por falta dun domicilio social coñecido.

2. Na requisitoria da persoa xurídica faranse constar os datos identificativos da entidade, o delito que se lle imputa e a súa obriga de comparecer no prazo que se fixase, con avogado e procurador, ante o xuíz que coñece da causa.

3. A requisitoria da persoa xurídica publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e, de ser o caso, no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» ou en calquera outro xornal ou diario oficial relacionado coa natureza, o obxecto social ou as actividades do ente imputado.

4. Se transcorre o prazo fixado sen ter comparecido a persoa xurídica, será declarada rebelde e continuarán os trámites procesuais ata a súa conclusión.»

Artigo segundo. *Modificación da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles.*

Engádesse á disposición adicional primeira un novo número 7, do seguinte teor:

«7. O previsto nos números 2, 3, 4 e 5 será de aplicación aos contratos de arrendamento de bens mobles.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Modifícase a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, nos seguintes termos:

Un. O número 4 do artigo 8 queda redactado nos seguintes termos:

«4. Coñecerán, igualmente, de todas as resolucións que diten en materia de estranxeiría a Administración periférica do Estado ou os órganos competentes das comunidades autónomas.»

Dous. O número 1, regra segunda, do artigo 14 queda redactado nos seguintes termos:

«Segunda. Cando o recurso teña por obxecto actos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, persoal, propiedades especiais e sancións será competente, á elección do demandante, o xulgado ou o tribunal na circunscrición do cal teña aquel o seu domicilio ou se encontre a sede do órgano autor do acto orixinario impugnado.

Cando o recurso teña por obxecto actos das administracións das comunidades autónomas ou das entidades da Administración local, a elección a que se refire esta regra segunda entenderase limitada á circunscrición do Tribunal Superior de Xustiza en que teña a súa sede o órgano que ditou o acto orixinario impugnado.»

Tres. Os números 1, 2 e 4 do artigo 60 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Só se poderá pedir o recibimento do proceso a proba por medio de outrosí nos escritos de demanda e contestación e nos de alegacións complementarias. Nos ditos escritos deberanse expresar en forma ordenada os puntos de feito sobre os cales teña que versar a proba e os medios de proba que se propoñan.

2. Se da contestación á demanda resultaren novos feitos de transcendencia para a resolución do preito, o recorrente poderá pedir o recibimento a proba e expresar os medios de proba que se propoñan dentro dos cinco días seguintes a aquel en que se dese traslado desta, sen prexuízo de que poida facer uso do seu dereito a achegar documentos conforme o disposto no punto 4 do artigo 56.»

«4. A proba desenvolverase consonte as normas xerais establecidas para o proceso civil, e o prazo para practicala será de trinta días. Non obstante, poderanse achegar ao proceso as probas practicadas fóra deste prazo por causas non imputables á parte que as propuxo.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ao número 1 e engádesse un terceiro parágrafo ao número 3 do artigo 78, que quedan redactados como segue:

«1. Os xulgados do contencioso-administrativo e, se é o caso, os xulgados centrais do contencioso-administrativo desta orde xurisdiccional coñecen, polo procedemento abreviado, dos asuntos da súa competencia que se susciten sobre cuestións de persoal ao servizo das administracións públicas, sobre estranxeiría e sobre inadmisión de peticións de asilo político, asuntos de disciplina deportiva en materia de dopaxe, así como todas aquelas cuxa contía non supere os 30.000 euros.»

«3. (...)

Non obstante, se o demandante pide por outrosí na súa demanda que o recurso se resolva sen necesidade de recibimento a proba nin tampouco de vista, o secretario xudicial dará traslado desta ás partes demandadas para que a contesten no prazo de vinte días, co apercibimento a que se refire o punto primeiro do artigo 54. As partes demandadas poderán, dentro dos dez primeiros días do prazo para contestar a demanda, solicitar a celebración da vista. Neste caso, o secretario xudicial citará as partes ao acto conforme o previsto no parágrafo anterior. En caso contrario, o secretario xudicial procederá de acordo co disposto no artigo 57, e declarará concluso o preito sen máis trámite unha vez contestada a demanda, salvo que o xuíz faga uso da facultade que lle atribúe o artigo 61.»

Cinco. O punto 1.a) do artigo 81 queda redactado nos seguintes termos:

«a) Aqueles cuxa contía non exceda os 30.000 euros.»

Seis. O punto 2.b) do artigo 86 queda redactado nos seguintes termos:

«b) As recaídas, calquera que for a materia, en asuntos cuxa contía non exceda os 600.000 euros, excepto cando se trate do procedemento especial para a defensa dos dereitos fundamentais, caso en que procederá o recurso calquera que sexa a contía do asunto litixioso.»

Sete. O número 3 do artigo 96 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Só serán susceptibles de recurso de casación para a unificación de doutrina aquelas sentenzas contra as cales non se poida recorrer en casación consonte o establecido na letra b) do artigo 86.2, sempre que a contía litixiosa sexa superior a 30.000 euros.»

Oito. O número 2 do artigo 99 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Este recurso unicamente procederá contra sentenzas que non sexan susceptibles de recurso de casación ou de recurso de casación para a unificación de doutrina por aplicación exclusiva do previsto no artigo 86.4 e cando a contía litixiosa supere os 30.000 euros.»

Nove. O artigo 104 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 104.

1. Logo de que sexa firme unha sentenza, o secretario xudicial comunicaráo no prazo de dez días ao órgano que realizase a actividade obxecto do recurso, co fin de que, unha vez recibida a comunicación, a leve a puro e debido efecto e practique o que exixa o cumprimento das declaracións contidas na parte dispositiva, e no mesmo prazo indique o órgano responsable do cumprimento daquela.

2. Transcorridos dous meses a partir da comunicación da sentenza ou o prazo fixado nesta para o cumprimento da resolución conforme o artigo 71.1.c), calquera das partes e persoas afectadas poderá instar a súa execución forzosa.

3. Atendendo á natureza do reclamado e á efectividade da sentenza, esta poderá fixar un prazo inferior para o cumprimento, cando o disposto no número anterior o faga ineficaz ou cause grave prexuízo.»

Dez. O artigo 135 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 135.

1. Cando os interesados alegaren a concorrencia de circunstancias de especial urxencia no caso, o xuíz ou tribunal, sen oír a parte contraria, no prazo de dous días poderá, mediante auto:

a) Apreciar as circunstancias de especial urxencia e adoptar ou denegar a medida, conforme o artigo 130. Contra este auto non se dará recurso ningún. Na mesma resolución o órgano xudicial dará audiencia á parte contraria para que, no prazo de tres días, alegue o que considere procedente ou ben convocará as partes a unha comparecencia, que se deberá celebrar dentro dos tres días seguintes ao da adopción da medida. Unha vez recibidas as alegacións ou transcorrido o prazo, se é o caso, ou ben celebrada a comparecencia, o xuíz ou tribunal ditará auto sobre o levantamento, mantemento ou modificación da medida adoptada, contra o cal se poderá recorrer conforme as regras xerais.

En canto se refire á gravación da comparecencia e á súa documentación, serán aplicables as disposicións contidas no artigo 63.

b) Non apreciar as circunstancias de especial urxencia e ordenar a tramitación do incidente cautelar conforme o artigo 131, durante a cal os interesados non poderán solicitar novamente ningunha medida ao abeiro deste artigo.

2. Nos supostos que teñan relación con actuacións da Administración en materia de estranxeiría, asilo político e condición de refuxiado que impliquen retorno e o afectado sexa un menor de idade, o órgano xurisdiccional oír á o Ministerio Fiscal con carácter previo a ditar o auto a que fai referencia o punto primeiro deste artigo.»

Once. Dáselle unha nova redacción ao número 1 do artigo 139, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. En primeira ou única instancia, o órgano xurisdiccional, ao ditar sentenza ou ao resolver por auto os recursos ou incidentes que ante el se promoveren, impondrá as custas á parte que vise rexeitadas todas as súas pretensións, salvo que aprecie, e así o razoe, que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito.

Nos supostos de estimación ou desestimación parcial das pretensións, cada parte aboará as custas causadas pola súa instancia e as comúns por metade, salvo que o órgano xurisdiccional, razoándoo debidamente, as impoña a unha delas por ter sostido a súa acción ou ter interposto o recurso con mala fe ou temeridade.»

Artigo cuarto. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O número 4 do artigo 22 queda redactado nos seguintes termos:

«4. Os procesos de desafuzamento de predio urbano ou rústico por falta de pagamento das rendas ou cantidades debidas polo arrendatario terminarán mediante decreto ditado para o efecto polo secretario xudicial se, requirido aquel previamente á celebración da vista nos termos previstos no artigo 440.3 desta lei, lle paga ao demandante ou pon á súa disposición no tribunal ou notarialmente o importe das cantidades reclamadas na demanda, e o das que deba no momento do dito pagamento enervador do desafuzamento. Se o demandante se opuxer á enervación por non se cumpriren os anteriores requisitos, citaranse as partes á vista prevista no artigo 443 desta lei, tras a cal o xuíz ditará sentenza pola cal declarará enervada a acción ou, noutro caso, estimará a demanda, polo que procederá o desafuzamento.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación cando o arrendatario enervase o desafuzamento nunha ocasión anterior, excepto que o cobramento non tivese lugar por causas imputables ao arrendador, nin cando o arrendador requirise de pagamento o arrendatario por calquera medio que faga fe con, cando menos, un mes de antelación á presentación da demanda e o pagamento non estea efectuado no momento da dita presentación.»

Dous. Dáselles unha nova redacción aos ordinais 1.º e 8.º e engádese un ordinal 9.º ao número 2 do artigo 26, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1.º A seguir o asunto mentres non cese na súa representación por algunha das causas expresadas no artigo 30. Correspóndelle a obriga de colaborar cos órganos xurisdicionais para o saneamento dos defectos procesuais así como a realización de todas aquelas actuacións que resulten necesarias para o impulso e a boa marcha do proceso.»

«8.º Á realización dos actos de comunicación e outros actos de cooperación coa Administración de xustiza que o seu representado lle solicite, ou en interese deste cando así o acorde no transcurso do procedemento xudicial o secretario xudicial, de conformidade co previsto nas leis procesuais.

9.º A acudir aos xulgados e tribunais ante os cales exerza a profesión, ás salas de notificacións e servizos comúns, durante o período hábil de actuacións.»

Tres. Engádese un novo ordinal 7.º ao parágrafo segundo do número 1 do artigo 241, coa seguinte redacción:

«7.º A taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional, cando esta sexa preceptiva.»

Catro. O ordinal 11.º do número 1 do artigo 250 queda redactado nos seguintes termos:

«11.º As que pretendan que o tribunal resolva, con carácter sumario, sobre o incumprimento dun contrato de arrendamento financeiro, de arrendamento de bens mobles, ou dun contrato de venda a prazos con reserva de dominio, sempre que estean inscritos no Rexistro de Venda a Prazos de Bens Mobles e formalizados no modelo oficial establecido para o efecto, mediante o exercicio dunha acción exclusivamente encamiñada a obter a inmediata entrega do ben ao arrendador financeiro, ao arrendador ou ao vendedor ou financiador no lugar indicado no contrato, logo de declaración de resolución deste, de ser o caso.»

Cinco. O número 4 do artigo 439 queda redactado nos seguintes termos:

«4. Nos casos dos ordinais 10.º e 11.º do número 1 do artigo 250, cando a acción exercitada se basee no incumprimento dun contrato de venda de bens mobles a prazos, non se admitirán as demandas ás cales non se xunte a acreditación do requirimento de pagamento ao debedor, con dilixencia expresiva da falta de pagamento e da non entrega do ben, nos termos previstos no punto segundo do artigo 16 da Lei de venda a prazos de bens mobles, así como certificación da inscrición dos bens no Rexistro de Venda a Prazos de Bens Mobles, de tratarse de bens susceptibles de inscrición neste. Cando se exerciten accións baseadas no incumprimento dun contrato de arrendamento financeiro ou de bens mobles, non se admitirán as demandas ás cales non se xunte a acreditación do requirimento de pagamento ao debedor, con dilixencia que exprese a falta de pagamento e a non entrega do ben, nos termos previstos no punto terceiro da disposición adicional primeira da Lei de venda a prazos de bens mobles.»

Seis. Dáselle unha nova redacción ao número 3 e engádeselle un novo número 4 ao artigo 440, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Nos casos de demandas nas cales se exercite a pretensión de desafuzamento por falta de pagamento de rendas ou cantidades debidas, acumulando ou non a pretensión de condena ao pagamento destas, o secretario xudicial, tras a admisión e previamente á vista que se sinale, requirirá o demandado

para que, no prazo de dez días, desaloxe o inmovible, lle pague ao demandante ou, en caso de pretender a enervación, pague a totalidade do que deba ou poña á disposición daquel no tribunal ou notarialmente o importe das cantidades reclamadas na demanda e o das que deba no momento do dito pagamento enervador do desafuzamento; ou, noutro caso, compareza ante este e alegue sucintamente, formulando oposición, as razóns polas cales, ao seu entender, non debe, en todo ou en parte, a cantidade reclamada ou as circunstancias relativas á procedencia da enervación.

Se o demandante expresou na súa demanda que asume o compromiso a que se refire o número 3 do artigo 437, poráselle de manifesto no requirimento e a aceptación deste compromiso equivalerá a unha conformidade, cos efectos do artigo 21.

Ademais, o requirimento expresará o día e a hora que se sinalasen para que teñan lugar a eventual vista, para a cal servirá de citación, e a práctica do lanzamento. Así mesmo, expresárase que, no caso de solicitar asistencia xurídica gratuíta o demandado, deberá facelo nos tres días seguintes ao da práctica do requirimento.

O requirimento practícarase na forma prevista no artigo 161 desta lei, apercibindo o demandado de que, de non realizar ningunha das actuacións citadas, se procederá ao seu inmediato lanzamento, sen necesidade de notificación posterior, así como dos demais aspectos comprendidos no punto seguinte deste mesmo artigo.

Se o demandado non atender o requirimento de pagamento ou non comparecer para oporse ou conformarse, o secretario xudicial ditará decreto mediante o cal dará por terminado o xuízo de desafuzamento e dará traslado ao demandante para que inste o despacho de execución, para o cal abondará coa mera solicitude.

Se o demandado atender o requirimento en canto ao desaloxo do inmovible sen formular oposición nin pagar a cantidade que se reclame, o secretario xudicial farao constar, ditará decreto mediante o cal dará por terminado o procedemento respecto do desafuzamento, e dará traslado ao demandante para que inste o despacho de execución, para o cal abondará coa mera solicitude.

4. En todos os casos de desafuzamento, tamén se apercibirá o demandado no requirimento que se lle realice de que, de non comparecer á vista, será declarado o desafuzamento sen máis trámites e de que queda citado para recibir a notificación da sentenza que se dite o sexto día seguinte ao sinalado para a vista. Igualmente, na resolución de admisión fixarase día e hora para que teña lugar, se é o caso, o lanzamento, que se deberá verificar antes dun mes desde a data sinalada para a vista, e advertírase o demandado de que, se a sentenza for condenatoria e non se recorrer contra ela, se procederá ao lanzamento na data fixada, sen necesidade de notificación posterior.»

Sete. O parágrafo primeiro do número 4 do artigo 441 queda redactado nos seguintes termos:

«4. No caso do ordinal 10.º do número 1 do artigo 250, admitida a demanda, o tribunal ordenará a exhibición dos bens ao seu posuidor, baixo apercibimento de incorrer en desobediencia á autoridade xudicial, e o seu inmediato embargo preventivo, que se asegurará mediante depósito, de acordo co previsto nesta lei. Cando, ao abeiro do disposto no ordinal 11.º do número 1 do artigo 250, se exerciten accións baseadas no incumprimento dun contrato de arrendamento financeiro, arrendamento de bens mobles ou contrato de venda a prazos con reserva de dominio, admitida a demanda, o tribunal ordenará o depósito do ben cuxa entrega se reclame. Non se lle exixirá caución ao demandante para a adopción destas medidas cautelares, nin se admitirá oposición do demandado a elas. Tampouco se admitirán solicitudes de modificación ou de substitución das medidas por caución.»

Oito. O artigo 449 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 449. *Dereito a recorrer en casos especiais.*

1. Nos procesos que leven consigo o lanzamento non se lle admitirán ao demandado os recursos de apelación, extraordinario por infracción procesual ou casación se, ao interpolos, non manifesta, acreditándoo por escrito, ter satisfeitas as rendas vencidas e as que, de acordo co contrato, deba pagar adiantadas.

2. Os recursos de apelación, extraordinario por infracción procesual ou casación, a que se refire o punto anterior, declararanse desertos, calquera que sexa o estado en que se encontren, se durante a súa substanciación o demandado recorrente deixar de pagar os prazos que venzan ou os que deba adiantar. O arrendatario poderá adiantar ou consignar o pagamento de varios períodos non vencidos, os cales se suxeitarán á liquidación unha vez firme a sentenza. En todo caso, o aboamento dos ditos importes non se considerará novación do contrato.

3. Nos procesos en que se pretenda a condena a indemnizar polos danos e perdas derivados da circulación de vehículos de motor, non se lle admitirán ao condenado a pagar a indemnización os recursos de apelación, extraordinario por infracción procesual ou casación se, ao interpolos, non acredita ter constituído depósito do importe da condena máis os xuros e recargas exixibles no establecemento destinado para o efecto. O dito depósito non impedirá, de ser o caso, a execución provisional da resolución ditada.

4. Nos procesos en que se pretenda a condena ao pagamento das cantidades debidas por un propietario á comunidade de veciños, non se lle admitirá ao condenado o recurso de apelación, extraordinario por infracción procesual ou casación se, ao interpolos, non acredita ter satisfeita ou consignada a cantidade líquida a que se contrae a sentenza condenatoria. A consignación da cantidade non impedirá, de ser o caso, a execución provisional da resolución ditada.

5. O depósito ou consignación exixidos nos números anteriores poderase facer tamén mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro ao primeiro requirimento emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou por calquera outro medio que, a xuízo do tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade, de ser o caso, da cantidade consignada ou depositada.

6. Nos casos dos números anteriores, antes de que se rexeiten ou declaren desertos os recursos, haberá que atermos ao disposto no artigo 231 desta lei en canto á acreditación documental do cumprimento dos requisitos exixidos.»

Nove. O número 1 do artigo 454 bis queda redactado nos seguintes termos:

«1. Contra o decreto resolutivo da reposición non se dará recurso de ningún tipo, sen prexuízo de reproducir a cuestión, necesariamente, na primeira audiencia perante o tribunal tras a toma da decisión e, se non for posible polo estado dos autos, poderase solicitar mediante escrito antes de que se dite a resolución definitiva para que se dirima nela.

Caberá recurso directo de revisión contra os decretos polos cales se poña fin ao procedemento ou que impidan a súa continuación. O dito recurso carecerá de efectos suspensivos sen que, en ningún caso, proceda actuar en sentido contrario a aquilo que se resolvese.

Caberá interpor igualmente recurso directo de revisión contra os decretos naqueles casos en que expresamente se prevexa.»

Dez. O número 1 do artigo 455 queda redactado nos seguintes termos:

«1. As sentenzas ditadas en toda clase de xuízo, os autos definitivos e aqueloutros que a lei expresamente sinala, serán susceptibles de apelación, con excepción das sentenzas ditadas nos xuízos verbais por razón da contía cando esta non supere os 3.000 euros.»

Once. O artigo 457 queda sen contido.

Doce. O artigo 458 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 458. *Interposición do recurso.*

1. O recurso de apelación interporase perante o tribunal que ditase a resolución que se impugne dentro do prazo de vinte días contados desde o día seguinte ao da notificación daquela.

2. Na interposición do recurso o apelante deberá expor as alegacións en que se basee a impugnación, ademais de citar a resolución contra a cal se apela e os pronunciamentos que impugna.

3. Se a resolución impugnada for susceptible de apelación e o recurso se formulou dentro de prazo, no prazo de tres días o secretario xudicial terá por interposto o recurso. En caso contrario, porao en coñecemento do tribunal para que se pronuncie sobre a admisión do recurso.

Se o tribunal entender que se cumpren os requisitos de admisión, ditará providencia mediante a cal terá por interposto o recurso; en caso contrario, ditará auto mediante o cal se declarará a inadmisión. Contra este auto só se poderá interpor recurso de queixa.

Contra a resolución pola cal se teña por interposto o recurso de apelación non caberá recurso de ningún tipo, pero a parte contra a que se recorre poderá alegar a inadmisibilidade da apelación no trámite de oposición ao recurso a que se refire o artigo 461 desta lei.»

Trece. O número 1 do artigo 463 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Interpostos os recursos de apelación e presentados, de ser o caso, os escritos de oposición ou impugnación, o secretario xudicial ordenará a remisión dos autos ao tribunal competente para resolver a apelación, con emprazamento das partes por un prazo de dez días.

Se o apelante non comparece dentro do prazo sinalado, o secretario xudicial declarará deserto o recurso de apelación e quedará firme a resolución obxecto de recurso.»

Catorce. O artigo 470 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 470. *Interposición do recurso.*

1. O recurso extraordinario por infracción procesual interporase perante o tribunal que ditase a resolución que se impugne dentro do prazo de vinte días contados desde o día seguinte ao da notificación daquela.

2. Presentado o escrito de interposición do recurso e transcorridos os prazos de que dispoñan todas as partes para interporen o recurso, o secretario xudicial, no prazo de tres días, terao por interposto sempre que a resolución sexa susceptible de recurso, se alegue algún dos motivos previstos no artigo 469 e, de ser o caso, se procedese de acordo co disposto no número 2 do dito artigo. En caso contrario, porao en coñecemento do tribunal para que se pronuncie sobre a admisión do recurso.

Se o tribunal entender que se cumpren os requisitos de admisión, ditará providencia mediante a cal terá por interposto o recurso; en caso contrario, ditará auto para declarar a inadmisión. Contra este auto só se poderá interpor recurso de queixa.

Contra a resolución pola cal se teña por interposto o recurso non caberá recurso de ningún tipo, pero a parte contra a que se recorre poderá alegar a inadmisibilidade no trámite de oposición.»

Quince. O artigo 471 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 471. *Contido do escrito de interposición do recurso.*

No escrito de interposición exporase razoadamente a infracción ou vulneración cometida, e expresarse, de ser o caso, de que maneira influíron no proceso. Tamén se poderá solicitar a práctica dalgunha proba que se considere imprescindible para acreditar a infracción ou vulneración producida, así como a celebración de vista.»

Dezaseis. O artigo 473 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 473. *Admisión.*

1. Recibidos os autos no tribunal, pasaranse as actuacións ao maxistrado relator para que se instrúa e someta á deliberación da sala o que deba resolverse sobre a admisión ou inadmisión do recurso extraordinario por infracción procesual.

2. O recurso extraordinario por infracción procesual non se admitirá nos seguintes casos:

1.º Se se aprecia neste trámite a falta dos requisitos establecidos nos artigos 467, 468 e 469.

2.º Se o recurso carece manifestamente de fundamento.

A sala, antes de resolver, porá de manifesto a posible causa de inadmisión do recurso ás partes comparecidas para que, no prazo de dez días, formulen as alegacións que consideren procedentes.

Se a sala entende que concorre algunha das causas de inadmisión, ditará auto mediante o cal declarará a inadmisión do recurso e a firmeza da resolución obxecto de recurso. Se a causa de inadmisión non afecta máis que algunha das infraccións alegadas, resolverá tamén mediante auto a admisión do recurso respecto das demais que o recurso denuncie.

3. Non se dará ningún recurso contra o auto que resolva sobre a admisión do recurso extraordinario por infracción procesual.»

Dezasete. O número 2 do artigo 477 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Poderase recorrer en casación contra as sentenzas ditadas en segunda instancia polas audiencias provinciais, nos seguintes casos:

1.º Cando se diten para a tutela xudicial civil de dereitos fundamentais, excepto os que recoñece o artigo 24 da Constitución.

2.º Sempre que a contía do proceso exceda os 600.000 euros.

3.º Cando a contía do proceso non exceda os 600.000 euros ou este se tramitase por razón da materia, sempre que, en ambos os casos, a resolución do recurso presente interese casacional.»

Dezaoito. O artigo 478 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 478. *Competencia. Simultaneidade de recursos.*

1. O coñecemento do recurso de casación, en materia civil, corresponde á Sala Primeira do Tribunal Supremo.

Non obstante, corresponderá ás salas do Civil e Penal dos Tribunais Superiores de Xustiza coñecer dos recursos de casación que procedan contra as resolucións dos tribunais civís con sede na comunidade autónoma, sempre que o recurso se funde, exclusivamente ou xunto a outros motivos, en infracción das normas do

dereito civil, foral ou especial propio da comunidade, e cando o correspondente estatuto de autonomía preve esta atribución.

2. Cando a mesma parte interpoña recursos de casación contra unha mesma sentenza ante o Tribunal Supremo e ante o Tribunal Superior de Xustiza terase, mediante providencia, por non presentado o primeiro deles, en canto se acredite esta circunstancia.»

Dezanove. O artigo 479 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 479. *Interposición do recurso.*

1. O recurso de casación interporase ante o tribunal que ditase a resolución que se impugne dentro do prazo de vinte días contados desde o día seguinte ao da notificación daquela.

2. Se a resolución impugnada for susceptible de recurso e este se formulou dentro de prazo, no prazo de tres días o secretario xudicial terá por interposto o recurso. En caso contrario, porao en coñecemento do tribunal para que se pronuncie sobre a admisión do recurso.

Se o tribunal entender que se cumpren os requisitos de admisión, ditará providencia mediante a cal terá por interposto o recurso; en caso contrario, ditará auto mediante o cal declarará a inadmisión. Contra este auto só se poderá interpor recurso de queixa.

Contra a resolución pola cal se teña por interposto o recurso non caberá ningún recurso, pero a parte contra a cal se recorreu poderá oporse á admisión ao comparecer ante o tribunal de casación.»

Vinte. O artigo 480 queda sen contido.

Vinte e un. Dáselles unha nova redacción á rúbrica e ao número 1 do artigo 481 e déixase sen contido o número 4:

«Artigo 481. *Contido do escrito de interposición do recurso.*

1. No escrito de interposición expresarase o suposto, dos previstos polo artigo 477.2, conforme o cal se pretende recorrer contra a sentenza. Igualmente, exponerse, coa necesaria extensión, os fundamentos e poderase pedir a celebración de vista.»

Vinte e dous. O suposto 1.º do número 2 do artigo 483 queda redactado nos seguintes termos:

«1.º Se o recurso for improcedente, por non ser susceptible de recurso a sentenza ou por calquera outro defecto de forma non emendable.»

Vinte e tres. O artigo 495 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 495. *Substanciación e decisión.*

1. O recurso de queixa interporase perante o órgano a que corresponda resolver o recurso non tramitado, no prazo de dez días desde a notificación da resolución que denega a tramitación dun recurso de apelación, extraordinario por infracción procesual ou de casación. Co recurso deberase xuntar copia da resolución impugnada.

2. Presentado en tempo o recurso coa dita copia, o tribunal resolverá sobre el no prazo de cinco días. De considerar ben denegada a tramitación do recurso, mandará pólo en coñecemento do tribunal correspondente, para que conste nos autos. De a considerar mal denegada, ordenaralle ao dito tribunal que continúe coa tramitación.

3. Contra o auto que resolva o recurso de queixa non se dará recurso de ningún tipo.»

Vinte e catro. O ordinal 9.º do número 2 do artigo 517 queda redactado nos seguintes termos:

«9.º As demais resolucións procesuais e documentos que, por disposición desta ou outra lei, comporten execución.»

Vinte e cinco. O número 1 do artigo 527 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A execución provisional poderase pedir en calquera momento desde a notificación da resolución en que se teña por interposto o recurso de apelación ou, de ser o caso, desde o traslado á parte apelante do escrito do apelado en que se adhira ao recurso, e sempre antes de que recaese sentenza neste.»

Vinte e seis. O número 2 do artigo 535 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Nos casos a que se refire o número anterior, a execución provisional poderá solicitarse en calquera momento desde a notificación da resolución que teña por interposto o recurso extraordinario por infracción procesual ou o recurso de casación e sempre antes de que recaese sentenza nestes recursos.

A solicitude presentarase ante o tribunal que coñeceu do proceso en primeira instancia, xuntando certificación da sentenza cuxa execución provisional se pretenda, así como testemuño de cantos particulares se consideren necesarios, certificación e testemuño que se deberán obter do tribunal que ditou a sentenza de apelación ou, de ser o caso, do órgano competente para coñecer do recurso que se interpuxese contra esta.»

Vinte e sete. O artigo 548 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 548. *Prazo de espera da execución de resolucións procesuais ou arbitrais.*

Non se despachará execución de resolucións procesuais ou arbitrais dentro dos vinte días posteriores a aquel en que a resolución de condena sexa firme, ou a resolución de aprobación do convenio lle fose notificada ao executado.»

Vinte e oito. O número 1 do artigo 556 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Se o título executivo for unha resolución procesual ou arbitral de condena, o executado, dentro dos dez días seguintes ao da notificación do auto en que se despache execución, poderá oporse a ela por escrito alegando o pagamento ou cumprimento do ordenado na sentenza, que deberá xustificar documentalmente.

Tamén se poderá opor á caducidade da acción executiva e aos pactos e transaccións que se conviñesen para evitar a execución, sempre que os ditos pactos e transaccións consten en documento público.»

Vinte e nove. O punto 1 do artigo 563 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando, téndose despachado execución en virtude de sentenzas ou resolucións xudiciais, o tribunal competente para a execución provexa en contradición co título executivo, a parte prexudicada poderá interpor recurso de reposición e, se se desestimar, de apelación.

Se a resolución contraria ao título executivo for ditada polo secretario xudicial, logo de reposición, caberá contra ela recurso de revisión perante o tribunal e, se for desestimado, recurso de apelación.»

Trinta. O artigo 579 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 579. *Execución en diñeiro en casos de bens especialmente hipotecados ou peñorados.*

Cando a execución se dirixa exclusivamente contra bens hipotecados ou peñorados en garantía dunha débeda en diñeiro haberá que se ater ao disposto no capítulo V deste título. Se, poxados os bens hipotecados ou peñorados, o seu produto for insuficiente para cubrir o crédito, o executante poderá pedir o despacho da execución pola cantidade que falte, e contra quen proceda, e a execución proseguirá consonte as normas ordinarias aplicables a toda execución.»

Trinta e un. O artigo 599 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 599. *Competencia e substanciación.*

A terzaría de dominio, que se deberá interpor ante o secretario xudicial responsable da execución, será resolta polo tribunal que ditou a orde xeral e o despacho desta, e será substanciada polos trámites previstos para o xuízo verbal.»

Trinta e dous. O número 1 do artigo 617 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A terzaría de mellor dereito dirixirase sempre fronte ao acredor executante e será substanciada polas canles do xuízo verbal. Presentada a demanda, o secretario xudicial dará traslado aos demandados para que a contesten por escrito no prazo de vinte días, conforme o establecido no artigo 405 desta lei.»

Trinta e tres. O artigo 651 e a súa rúbrica quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 651. *Adxudicación de bens ao executante.*

Se no acto da poxa non houber ningún ofertante, o acredor poderá pedir a adxudicación dos bens polo 30 por 100 do valor de taxación, ou pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos.

En ningún caso, nin sequera cando actúe como ofertante rematante, o acredor executante se poderá adxudicar os bens, nin ceder o remate ou adxudicación a terceiro, por unha cantidade inferior ao 30 por 100 do valor de taxación.

Cando o acredor, no prazo de vinte días, non fixer uso desta facultade, o secretario xudicial procederá ao alzamento do embargo, por instancia do executado.»

Trinta e catro. O número 1 do artigo 744 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Absolto o demandado en primeira ou segunda instancia, o secretario xudicial ordenará o alzamento das medidas cautelares adoptadas, se o recorrente non solicita o seu mantemento ou a adopción dalgunha medida cautelar distinta no momento de interpor recurso contra a sentenza. Neste caso darase conta ao tribunal, o cal, oída a parte contraria e con anterioridade a remitir os autos ao órgano competente para resolver o recurso contra a sentenza, resolverá o procedente sobre a solicitude, atendendo á subsistencia dos presupostos e circunstancias que xustifiquen o mantemento ou a adopción das ditas medidas.»

Trinta e cinco. Engádese un número 3 ao artigo 753, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Os procesos a que se refire este título serán de tramitación preferente sempre que algún dos interesados no procedemento sexa menor, incapacitado ou estea en situación de ausencia legal.»

Trinta e seis. O número 1 do artigo 812 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Poderá acudir ao proceso monitorio quen pretenda doutro o pagamento dunha débeda en diñeiro de calquera importe, líquida, determinada, vencida e exixible, cando a débeda se acredite dalgunha das formas seguintes:

1.^a Mediante documentos, calquera que sexa a súa forma e clase ou o soporte físico en que se encontren, que aparezan asinados polo debedor ou co seu selo, impresión ou marca ou con calquera outro sinal, físico ou electrónico.

2.^a Mediante facturas, albarás de entrega, certificacións, telegramas, telefax ou calquera outro documento que, mesmo unilateralmente creado polo acredor, sexa dos que habitualmente documentan os créditos e débedas en relacións da clase que apareza existente entre acredor e debedor.»

Trinta e sete. Engádesse unha nova disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Adjudicación de bens inmuebles.*

No caso das adjudicacións solicitadas polo acredor executante, nos termos previstos na sección VI do capítulo IV do título IV do libro III e sempre que as poxas nas cales non haxa ningún ofertante se realicen sobre bens inmuebles diferentes da vivenda habitual do debedor, o acredor poderá pedir a adjudicación dos bens por cantidade igual ou superior ao cincuenta por cento do seu valor de taxación ou pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos.

Así mesmo, nos termos previstos na mencionada sección e para os citados bens inmuebles diferentes da vivenda habitual do debedor, cando a mellor oferta sexa inferior ao 70 por cento do valor polo que o ben saíse a poxa e o executado non presentase ofertante, poderá o acredor pedir a adjudicación do inmovible polo 70 por cento ou pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos, sempre que esta cantidade sexa superior á mellor oferta.»

Trinta e oito. A disposición derradeira décimo sexta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira décimo sexta. *Réxime transitorio en materia de recursos extraordinarios.*

1. Mentres non se confira aos Tribunais Superiores de Xustiza a competencia para coñecer do recurso extraordinario por infracción procesual, o dito recurso procederá, polos motivos previstos no artigo 469, respecto das resolucións que sexan susceptibles de recurso de casación conforme o disposto no artigo 477.

Para a interposición e resolución do recurso extraordinario por infracción procesual seguiranse as seguintes regras:

1.^a Será competente para coñecer do recurso extraordinario por infracción procesual a Sala do Civil do Tribunal Supremo, pero nos casos en que a competencia para o recurso de casación corresponde ás salas do Civil e Penal dos Tribunais Superiores de Xustiza, as resolucións contra as cales se recorreu poderán tamén impugnarse polos motivos previstos no artigo 469 desta lei.

2.^a Só se poderá presentar recurso extraordinario por infracción procesual sen formular recurso de casación fronte ás resolucións susceptibles de recurso en casación a que se refiren os ordinais 1.^o e 2.^o do punto segundo do artigo 477 desta lei.

3.^a Cando un litigante pretenda recorrer contra unha resolución por infracción procesual e en casación, deberá interpor ambos os recursos nun mesmo escrito. Á interposición dos ditos recursos e á remisión dos autos seranlles de aplicación os prazos establecidos nos artigos 479 e 482, respectivamente.

4.^a Sempre que se interpoñan contra unha mesma resolución recurso por infracción procesual e recurso de casación, tramitaranse ambos nun único

procedemento. Cando se trate de recursos presentados por distintos litigantes, procederase á súa acumulación.

5.^a Se se tramitaren conxuntamente recurso por infracción procesual e recurso de casación, a sala examinará, en primeiro lugar, se a resolución impugnada é susceptible de recurso de casación e, se non for así, acordará a inadmisión do recurso por infracción procesual.

Cando o recurso por infracción procesual se formulase fundando exclusivamente a súa procedencia no ordinal 3.^o do punto segundo do artigo 477, a sala resolverá se procede a admisión ou inadmisión do recurso de casación, e se acordar a inadmisión, non se admitirá, sen máis trámites, o recurso por infracción procesual. Só no caso de que o recurso de casación resultar admisible se procederá a resolver sobre a admisión do recurso extraordinario por infracción procesual.

6.^a Admitidos os recursos a que se refire a regra anterior, resolverase sempre en primeiro lugar o recurso extraordinario por infracción procesual e soamente cando este se desestime se examinará e resolverá o recurso de casación. En tal caso, a desestimación do recurso por infracción procesual e a decisión sobre o recurso de casación conteranse nunha mesma sentenza.

7.^a Cando se recorre contra a sentenza por infracción procesual ao abeiro do motivo 2.^o do punto primeiro do artigo 469, a sala, de estimar o recurso por ese motivo, ditará nova sentenza, tendo en conta, de ser o caso, o que se alegase como fundamento do recurso de casación. Do mesmo xeito resolverá a sala de se alegar e se estimar producida unha vulneración do artigo 24 da Constitución que soamente afecte a sentenza.

8.^a Contra as sentenzas ditadas para resolver recursos extraordinarios por infracción procesual e recursos de casación non caberá ningún recurso.

2. Mentres as salas do Civil e Penal dos Tribunais Superiores de Xustiza carezan de competencia para coñecer, con carácter xeral, dos recursos extraordinarios por infracción procesual, non serán de aplicación os artigos 466, 468 e 472, así como os artigos 488 a 493 e o punto cuarto do artigo 476. O disposto no último parágrafo do punto segundo do artigo 476 non será de aplicación nos casos en que se estime o recurso extraordinario por infracción procesual fundado no motivo 2.^o do punto primeiro do artigo 469 ou en vulneracións do artigo 24 da Constitución que unicamente afecten a sentenza impugnada.

As referencias aos Tribunais Superiores de Xustiza contidas no artigo 472 entenderanse feitas á sala que sexa competente para coñecer do recurso de casación.»

Disposición transitoria única. *Procesos en trámite.*

Os procesos que estiveren en trámite en calquera das súas instancias no momento da entrada en vigor desta lei continuarán a substanciarse ata que recaia sentenza na dita instancia conforme a lexislación procesual anterior.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Reforma do artigo 35 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Modifícase o número primeiro do punto seis «Determinación da cota tributaria» do artigo 35 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado nos seguintes termos:

«Seis. Determinación da cota tributaria.

1. Será exixible a cantidade fixa que, en función de cada clase de proceso, se determina na seguinte táboa:

Na orde xurisdiccional civil

«Verbal	Ordinario	Monitorio en contía que exceda os 3.000 euros	Cambiarío	Execución extraxudicial	Concursal	Apelación	Casación e de infracc. procesual
90 €	150 €	50 €	90 €	150 €	150 €	300 €	600 €

Na orde xurisdiccional contencioso-administrativa

Abreviado	Ordinario	Apelación	Casación
120 €	210 €	300 €	600 €

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación oficial no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO